


CIRCULAR 268

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

NOVEMBRO 2017



NON-VIOLENCIA DE
XENERO

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo,

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e Responsable da páxina web



José Manuel Oreiro Blanco

Secretario / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coa Sección de Psicoloxía de Xurídica.



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



Marta Rivas Rodríguez

Vogal



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde / Coordinador coa Comisión de Ética e Deontoloxía.



Alejandra Fernández Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a n.º 269 e sairá a principios do mes de xaneiro de 2018.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de decembro de 2017.

5	Información Xeral
13	Información das Seccións
19	GIPCE
20	Comisión de Ética e Deontoloxía
21	Grupo de Tráfico e Seguridade
23	Comisión Psicoloxía do Deporte

Editorial:

Dor e información: un equilibrio posible

«O xornalismo ten que facer visible o invisible e contar o que se cala.»

Rosa Mª Calaf

Neste mes de outubro as páxinas dos xornais volvéronse encher de rostros cheos de dor tras a terrible vaga de lumes vivida. Os informativos recollían as declaracións entrecortadas das persoas que viran arder as súas vivendas, o seu gando, as súas lembranzas. A dor, o sufrimento, exhibíanse de novo pola traxedia que deixaba varias persoas falecidas e innumerables perdas materiais e ecolóxicas.

Pero tamén saltaban outras alarmas: a enfermidade mental aparecía como a explicación de comportamentos incendiarios e as miserias das persoas desoladas tras as perdas provocadas polo lume expoñíanse nos telexornais.

Pola nosa profesión, estamos en contacto coa dor e o sufrimento das persoas, en ocasións cando están pasando as circunstancias máis extremas da súa vida. Cando esas situacións transcenden ao espazo público e son difundidas polos medios de comunicación comprobamos que o modo no que se trate afecta ás persoas protagonistas e interfere no seu sufrimento, chegando a producir danos maiores.

A dor e o sufrimento humano ocupan amplos espazos nos medios, especialmente na información de sucesos ou nos casos de

emerxencias e catástrofes. O dereito á información é un dereito fundamental, recollido na nosa Constitución, que tamén recolle uns límites: a honra, a intimidade, a propia imaxe e a protección da mocidade e da infancia. Entón o dilema xorde no punto de intersección entre o xornalismo e a protección das vítimas.

Trátase dun equilibrio complicado, pero posible: exercer un servizo á cidadanía, o xornalismo, garantindo o noso dereito á información, e evitar causar danos maiores a quen se atopa nunha situación de vulnerabilidade. Conscientes desta responsabilidade, desde a Comisión para a Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo do COPG propuxemos unha colaboración xunto co Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia para coñecer como desenvolver de xeito ético ambas as dúas profesións nos seus puntos tanxenciais e manter ese equilibrio entre o dereito á información e o respecto ao sufrimento.

Así naceu Informa_DOR, un documento cunha serie de recomendacións profesionais para o colectivo de xornalistas á hora de tratar cinco cuestións: emerxencias e catástrofes, violencia de xénero, enfermidade mental, infancia e suicidio. Tras varios meses de traballo conxunto, presentamos este traballo que se amplía na rede nun espazo de seu na web e que serve como guía ética ao marcar as liñas vermellas que non deben superarse para non incrementar o sufrimento.

Volvendo ao grave exemplo do comezo deste texto, varias familias que perderon todo por mor dos lumes recoñecían nos xornais que as autoridades políticas só responderan cando expuxeron as súas dramáticas situacións nos medios de comunicación nos que tiveran que denunciar previamente o abandono por parte das administracións públicas. Como dicía o histórico reporteiro Ryszard Kapuscinski, «o traballo dos xornalistas non consiste en pisar as cascudas, senón en acender a luz, para que a xente vexa como as cascudas corren ocultarse».

O xornalismo de calidade traballa polo ben común. Debe dar voz e poñer o foco nas realidades sociais que o precisan, nesa función de servizo público para que non se esquezan nin se ignoren as inxustizas e poidamos construír un mundo mellor. E para iso non é preciso recorrer a imaxes morbosas nin a estereotipos ou prexuízos.

Foi tamén unha oportunidade para repensar o noso papel como fontes de información expertas. Non poucas veces miramos con reparo cando hai presenza mediática no noso traballo, por exemplo, nunha emerxencia. Cómpre revisar esa relación, xa que a alianza pode ser de grande utilidade: unha cooperación adecuada como fonte informativa, ofrecendo os datos posibles, con transparencia, normalizando e explicando, ofrecendo información rigorosa e con base científica adecuada, vai proporcionar contidos xornalísticos de maior calidade e utilidade pública. A falta de transparencia e a negativa a facilitar información pode provocar que se recorra a fontes pouco fiables e que se difundan bulos, esaxeracións, estereotipos ou prexuízos.

Recoñecemos a xenerosidade do Colexio de Xornalistas, que se prestou a este exercicio de introspección e autocrítica profesional e que grazas á súa resposta positiva deu como resultado este documento de recomendacións que agardamos sexa de utilidade para os e as xornalistas. Verificar, contextualizar, profundar, visibilizar, normalizar, precisar con exactitude e incorporar a perspectiva de xénero; un conxunto de actitudes que incorporadas no quefacer cotián de seguro que nos devolverá un xornalismo de calidade, orientado ao ben común e respectuoso co sufrimento humano.

INFORMACIÓN
XERAL

Relacións Institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Xunto co secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu a unha reunión co director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, á que tamén asistiron a presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, Marta Capeáns Outeiro e a directora do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA), Beatriz Otero Abadín, para tratar sobre o convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais psicolóxicos, celebrada o 13 de setembro en Santiago de Compostela.

■ Xunto co presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, Xavier Sardiña Agra, asistiu a unha reunión co director xeral de Asistencia Sanitaria, Jorge Aboal Viñas, para falar ao respecto da psicoloxía clínica en atención primaria, celebrada o 13 de setembro en Santiago de Compostela.

■ Asistiu a unha xuntanza coa secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, e co director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, para tratar sobre o borrador do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o programa de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia, celebrada o 20 de setembro en Santiago de Compostela.

■ Asistiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, o pasado 27 de setembro.

■ Xunto cos sete psicólogos/as seleccionados/as para o programa de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia, asistiu a unha xuntanza informativa co director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, e os técnicos da Consellería, o 4 de outubro en Santiago de Compostela.

A coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á reunión do Pleno da Comisión Galega de Protección Civil, o pasado 18 de setembro.

O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Xavier Sardiña Agra:


■ Asistiu á primeira reunión informativa co subdirector xeral de Planificación e Programación Asistencial da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, Alfonso Alonso Fachado, na que informou do proxecto de elaboración do Plan Galego de Saúde Mental, que tivo lugar o 10 de outubro na Consellería de Sanidade.



Mª Rosa Álvarez Prada



Ana I Martínez Arranz



Xavier Sardiña Agra

■ Asistiu xunto con representantes doutros colexios profesionais á xuntanza de traballo co secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, Alberto Fuentes Losada, onde se informou sobre o anteproxecto de lei que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, celebrada o 11 de outubro na Consellería de Sanidade.

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Asistiu á presentación do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o programa de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Vítima e ao Cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia, celebrada o 2 de outubro na Coruña. Na presentación participaron o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, o presidente da Sala do Contencioso do alto tribunal galego, José María Gómez y Díaz-Castroverde, e o fiscal superior de Galicia, Fernando Suanzes Pérez.



Fátima López Rodríguez

A coordinadora do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) do COPG, Fátima López Rodríguez, participou na xornada «Intervención contra as violencias machistas, enfoque multidisciplinar», que organizou a Rede Galega pola Igualdade (REGAI) o 7 de outubro en Poio (Pontevedra).

O COPG condena os atentados en Barcelona

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresou as súas máis sentidas condolencias e transmitiu a nosa solidariedade a todas as vítimas, familiares e persoas afectadas polos atentados ocorridos en Barcelona, así como condenar firmemente os mesmos.

A través do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia puxo á súa enteira disposición aos compañeiros e compañeiras do Col legi Oficial de Psicología de Catalunya, para colaborar e axudar en todo aquilo que precisen ou sexa conveniente.

Movemento Galego da Saúde Mental Acto con motivo do Día Mundial de Prevención do Suicidio

O día 10 de setembro realizáronse actos en todo o mundo por iniciativa da Asociación Mundial para a Prevención do Suicidio e a Organización Mundial da Saúde.

O obxectivo foi informar, sensibilizar, confrontar o estigma, lembrar e reivindicar compromiso, en especial dos gobernos, coa prevención.

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia forma parte, convocou a todas/os a participar no acto que se realizou en Santiago de Compostela na Praza do Obradoiro.

10 de setembro Día Mundial pola Prevención do Suicidio
345 suicidios en Galicia no 2016
345 badaladas pola prevención

A crise e o traballo centra a última xornada do Movemento Galego da Saúde Mental

Así mesmo, o 10 de outubro, co gallo do Día Mundial da Saúde Mental, o MGSM, organizou unha xornada en Santiago de Compostela na que a crise e o traballo foron os protagonistas.

Convenio para a colaboración na realización por parte do COPG, de Informes Periciais Psicolóxicos nos Órganos Xudiciais de Galicia

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou recentemente un convenio coa Xunta de Galicia para a colaboración na realización, de informes periciais psicolóxicos atrasados nos IMELGAS a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia.

Formáronse equipos integrados por un psicólogo ou psicóloga e por un traballador ou traballadora social que actúen de outubro a decembro de 2017 nas instalacións do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) das cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.



Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desde a Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo pretendemos erradicar o intrusismo profesional na nosa profesión e poder ofrecer ás persoas usuarias do servizo a seguridade de ser atendidas por profesionais con titulación axeitada para garantirles a mellor calidade.

Convenio de colaboración entre o COPG e a Xunta de Galicia para o Programa de Apoio e Asistencia Psicolóxica ás Víctimas nas Oficinas de Atención á Víctima e ao Cidadán existentes na comunidade autónoma de Galicia

A través do convenio dotáronse as oficinas dun psicólogo ou psicóloga para o programa de apoio e asistencia psicolóxica nas Oficinas de Atención á Víctima e ao Cidadán existentes nos xulgados das sete cidades, A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, de outubro a decembro de 2017.

Unha demanda que ven facendo o COPG desde a súa creación para dotar oficinas de psicólogos e psicólogas, xa que no decreto que as regula contémpase a atención psicolóxica.

III Encontro Luso-Hispano

O 29 de setembro tivo lugar o «III Encontro Luso-Hispano», organizado pola Ordem do Psicólogos Portugueses e o Consejo General de la Psicología, que se celebrou en Évora (Portugal). O COPG participou baixo o título «Aspectos traumáticos en violencia de xénero».

O obxectivo fundamental deste Encontro foi trasladar ao colectivo de profesionais e á comunidade as achegas e accións que desde a psicoloxía lusa e hispana se veñen aplicando á solución de trastornos depresivos.

Nel abordáronse temas relacionados coa depresión infanto-xuvenil, aspectos traumáticos en violencia de xénero, avaliación da depresión posparto e aspectos traumáticos en vítimas de terrorismo e a necesidade da intervención psicolóxica en atención primaria.



Momento da entrega do premio a M^a Rosa Álvarez Prada

No marco deste Encontro fíxose a entrega do **II Premio Ibérico da Psicoloxía**, que recaeu no portugués Telmo Batista, presidente de EFPA, e na galega M^a Rosa Álvarez Prada, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Trixésimo cuarta edición do FOCAD

O 16 de outubro deu comezo a Trixésimo Cuarta Edición do FOCAD, un programa de Formación Continuada a Distancia do Consejo General de la Psicología, cos seguintes bloques de materiais que os colexiados e colexiadas interesados poderán descargar e imprimir para o seu estudo ata o 2 de xaneiro de 2018.

Máis información en: <http://www.cop.es/index.php?page=focad>.

FOCAD para divisións:

O programa de Formación Continuada a Distancia en Psicoloxía FOCAD do Consejo General de la Psicología inicia unha liña de formación específica para os membros das actuais Divisións postas en marcha polo Consejo.

Máis información en: <http://www.cop.es/index.php?page=focad>.



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de colexiado/a

O teu número
de colexiación
ten moito valor
faino ver



Nome Apelido Apelido

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Desde a Sección somos conscientes das circunstancias que estamos a vivir e do papel cada vez máis necesario que nos toca facer como profesionais do ámbito social; xunto coas actuacións derivadas das situacións de pobreza e exclusión cada vez máis numerosas únense as derivadas da fractura social na que estamos inmersos.

A nosa actividade profesional debe ampliar o campo de actuación e tamén debe profundizar en coñecementos. Con esta finalidade, o pasado 30 de setembro tivo lugar no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a **II Xuntanza de Psicoxerontoloxía de Galicia**, co título «**Facendo camiño en Psicoxerontoloxía: consensos básicos sobre avaliación**». Esta xuntanza estivo guiada polos membros do Grupo de Traballo de Envellecemento da Sección. Por unha parte pretendeuse crear un espazo onde os psicólogos e psicólogas que traballen no ámbito da terceira idade puidesen poñer en común experiencias e dificultades na atención directa cos usuarios e usuarias; por outra parte, queremos crear unha rede profesional de apoio que se reúna periodicamente para traballar sobre temas de interese común.



Momentos da xuntanza

Por outra banda, o 14 de outubro aborda-
mos a través do curso «Xestión de conflitos
na comunidade» a forma de afrontar os
conflitos no ámbito comunitario, así mesmo,
a Sección participará nas actividades do
COPG referidas á infancia, con especial fin-
capé na pobreza infantil, tamén se fará unha
revisión da resposta institucional á situación
actual da infancia na nosa comunidade.

Así mesmo, os días 24 e 25 de novembro
a Sección estará presente nas IX Xornadas
Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero, coa inter-
vención «A violencia de xénero nos ollos das persoas maiores»,
mostrando a violencia desde a perspectiva das persoas maiores.

En breve teremos coñecemento directo sobre o papel da organi-
zación **Psicoloxía sen Fronteiras** e a posibilidade de establecerse
na nosa comunidade. Invitamos a participar de forma activa
na Sección enviando propostas e/ou suxestións para seguir a
traballar pola calidade da profesión vinculada á realidade que
vivimos.



Durante o curso "Xestión de
conflitos na comunidade"

*Enlace ao apartado da
Sección de Psicoloxía
da Intervención Social
da páxina web do COPG:
[https://copgalicia.gal/
seccions/intervencion-
social](https://copgalicia.gal/seccions/intervencion-social)*

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación realizada

Os días 29 e 30 de setembro tivo lugar no
Hospital de Oza da Coruña o curso «**Terapia
de grupo no contexto hospitalario e atención
primaria**», impartido por **Jorge García Fer-
nández** e **Miguel Gárriz Vera**. O curso contou
con 37 asistentes e supuxo un acercamen-
to aos grupos de doentes crónicos e ás
intervencións grupais en Atención Primaria,
tanto desde unha orientación narrativa como
seguindo intervencións protocolizadas e
adaptadas ao contexto da Atención Primaria.



Durante a celebración
do curso

Formación prevista

Os vindeiros 1 e 2 de decembro terá lugar na sede do COPG o curso «**Introdución á avaliación e intervención neuropsicolóxica en persoas adultas con trastorno do desenvolvemento intelectual**» organizado en colaboración coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía (SGN). A relatora será **Susanna Esteba-Castillo**, doutora en psicoloxía e neuropsicóloga do SESM-DI do Parc Hospitalari Martí i Julià de Girona. Conta cunha ampla experiencia clínica, docente e investigadora no eido da valoración e intervención cognitiva en adultos con trastorno do desenvolvemento intelectual. Coordinarán este curso **Mª del Carmen Antón San Luís**, psicóloga en Pai Menni - Centro de atención integral para persoas con discapacidade intelectual, e **Vanessa Vilas Riotorto**, psicóloga clínica, neuropsicóloga e coordinadora do Grupo de Traballo de Neuropsicoloxía da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG. Presentarase información actualizada sobre os trastornos do desenvolvemento intelectual e sobre as estratexias de avaliación neuropsicolóxica das principais áreas cognitivas. Ofrece- rase tamén unha introdución á intervención neuropsicolóxica en función das características da persoa avaliada.




MAL DE MOITOS TAREFA DE TODOS

Unha ollada ao estrés dende o comunitario

XXII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Betanzos

16, 17 e 18 de novembro de 2017

 Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia

XXII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde «Mal de moitos, tarefa de todos. Unha ollada ao estrés desde o comunitario»

Os días **16, 17 e 18 de novembro** no edificio Liceo de Betanzos (A Coruña) celebraranse as XXII Xornadas da nosa Sección, que levarán o título de «**Mal de moitos, tarefa de todos. Unha ollada ao estrés desde o comunitario**». Estas Xornadas pretenden ser un foro de reflexión en común sobre como afecta á saúde das persoas o modelo de organización comunitario actual e dar voz a colectivos de persoas usuarias e traballadoras de diferentes contextos desde unha perspectiva multidisciplinar.

Todo o relacionado co obradoiro das xornadas, a súa inauguración, conferencias, grupos de

traballo, comunicacións e inscricións podes consultalo na web do COPG:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/10._triptico_xxii_xornadas_seccion_psicologia_e_saude_copg_2017.pdf

Eleccións á Xunta Directiva da Sección

Como se anunciou en distintas ocasións, a xornada electoral será o venres 17 de novembro de 2017 no marco das Xornadas da Sección. Os resultados serán proclamados pola Comisión Electoral o venres 1 de decembro.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicología e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Participación nas Xornadas Técnicas do ISSGA: Traballos saudables

A Sección participou nas Xornadas Técnicas sobre «*Traballos saudables en cada idade. Idade e diversidade: impacto na xestión de Prevención de Riscos Laborais*», que tiveron lugar nos Centros do ISSGA (Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia) de Lugo e de Pontevedra (Rande, Redondela) os días 19 e 20 de Outubro. Esta presenza do COPG nas citadas xornadas enmarcase dentro das accións previstas no convenio de colaboración co ISSGA.

Coa premisa de partida de que o traballo debe ser beneficioso para a saúde física e mental e que a promoción laboral sustentable e saudable pode redundar nun persoal máis san e motivado, unha diminución na rotación de persoal e do absentismo, e por tanto nunha maior produtividade empresarial, as distintas





Antonio Fuertes Saavedra durante a súa intervención

intervencións enmarcáronse no lema da campaña «Traballos saudables en cada idade 2016-2017», que forma parte da Semana Europea para a seguridade e Saúde no Traballo.

Antonio Fuertes Saavedra, vogal da Sección PTO e membro do grupo de traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional, interveu co tema «Envellecemento e Traballo: unha análise desde a Psicoloxía», no que abordou a importancia da experiencia, dos coñecementos e das capacidades individuais das persoas traballadoras de máis idade, e o seu alcance ata a idade obrigatoria de xubilación. Analizou as cargas e postos de traballo adaptadas ás súas capacidades funcionais e as propostas de actualización formativa en habilidades laborais. Finalizou sinalando a necesidade de combater os prexuízos baseados na crenza de que a maior idade, menor produtividade, iniciativa e capacidade de adaptación e innovación.

Nestas sesións técnicas interviron María Jesús Otero Aparicio, xefa da Unidade Técnica de Psicosocioloxía do Centro Nacional de Novas Tecnoloxías (INSSBT Madrid) e Iván Caravel San Emeterio, xerente da Fundación Deporte Galego (Presidencia da Xunta de Galicia). Os relatores concluíron que a xestión adecuada da seguridade e saúde no traballo nun contexto de envellecemento continuo da poboación activa e uns lugares de traballo saudables e produtivos mellorará a saúde da vida diaria dos traballadores, o seu rendemento e produtividade. Ao mesmo tempo, representa unha garantía para un envellecemento saudable no traballo.

Foro sobre Empresa e Universidade. Formación en PTO

Co obxectivo de analizar a transición desde o espazo académico ao mundo laboral e á adaptación ao exercicio profesional, o pasado 21 de outubro tivo lugar no salón de actos do COPG o foro - debate «Empresa e Universidade: necesidades formativas e práctica profesional en PTO». Con presenza de estudantes da universidade e profesionais de RR.HH., foi unha oportunidade para expoñer plans formativos do Grao, visibilizar cambios sociais e innovacións no mundo laboral e reflexionar sobre as esixencias das empresas en termos de coñecementos e capacitación.



Interviron como relatores Dámaso Rodríguez Fernández da facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que disertou sobre «O impacto do Espazo Europeo de Educación superior na formación académica dos futuros e futuras profesionais da área de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións» e José Ortuño Vilurbina, psicólogo PTO e xerente de Relevo Xeracional de REPSOL que presentou para o debate o tema de «Universidade e Empresa: un *firtsdate* institucional». O foro foi coordinado por José Luís Domínguez Rey e tras ambas intervencións abriuse un debate que discorreu sobre o alcance das políticas formativas e a empregabilidade, os perfís e limitacións do practicum nas empresas, as demandas dos departamentos de RR.HH. así como as competencias do traballador ou traballadora e a súa integración nas estruturas organizacionais para optimizar o seu desempeño.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación Interna

Os días 27 e 28 de outubro, celebrouse na facultade de Psicoloxía un curso para os membros do GIPCE sobre as terapias de terceira xeración e que levou por título «*Estratexias de Aceptación da Realidade*», impartido polo doutor en Psicoloxía, Joaquín Soler Rivaldi, membro da Unidade de Trastorno Limite da Personalidade (TLP) do Hospital de la Santa Creu i Sant Pau. Especialista en Psicoloxía Clínica, terapeuta acreditado polo Behavioral Technology Transfer Group, en Terapia Dialéctica Condutual e autor de múltiples artigos sobre o TLP, mindfulness e depresión.

Formación externa

No tocante á formación externa desde o día 13 ao 20 de novembro terá lugar na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), o *Curso de Violencia de Xénero* subvencionado pola Federación Española de Municipios e Provincias a través da Deputación de Lugo. Será impartido pola psicóloga e membro do GIPCE Julita Touriño Araújo e no mesmo abordárase a atención ás persoas implicadas en casos de violencia de xénero.

Desde o 27 ao 30 de novembro terá lugar en Lugo unha formación destinada aos policía locais será subvencionada pola Federación Española de Municipios e Provincias a través da Deputación de Lugo. O curso será impartido por Juan Carlos Prados Moreno, psicólogo e membro do GIPCE.

Por outra parte, tamén terán lugar dúas novas edicións do «*Curso de apoio psicolóxico básico en manexo de stres con intervenientes en situacións de emerxencias e catástrofes*», destinado ao persoal voluntario de Protección Civil. Será impartido por dúas das psicólogas que integran o GIPCE, Raquel Malvárez García os días 2 e 3 de novembro, e por María Elena González Cid, na segunda edición, os días 30 de novembro e 1 de decembro.



Ligazón ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE): <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

Artigo 40

Toda a información que o/a Psicólogo/a recolle no exercicio da súa profesión, sexa en manifestacións verbais expresas dos seus clientes, sexa en datos psicotécnicos ou noutras observacións profesionais practicadas, está suxeita a un deber e a un dereito de segredo profesional, do que só podería ser eximido polo consentimento expreso do cliente. O/a psicólogo/a velará porque os seus eventuais colaboradores se atean a este segredo profesional.

Artigo 42

Cando a dita avaliación ou intervención a solicitou outra persoa -xuíces, profesionais do ensino, pais, empregadores, ou calquera outro solicitante diferente do suxeito avaliado-, este último ou os seus pais ou titores terán dereito a ser informados do feito da avaliación ou intervención e do destinatario do informe psicolóxico conseguinte. O suxeito dun informe Psicolóxico ten dereito a coñece-lo contido do mesmo, sempre que disto non se derive un grave prexuízo para o suxeito ou para o/a psicólogo/a, e aínda que a solicitude da súa realización a fixesen outras persoas.

O CÓDIGO DEONTOLÓXICO



- Evita situacións confusas, nas que o teu rol sexa ambiguo ou confuso.
- Non te atribúas titulacións que non posúas.
- Non desacredites a colegas de profesión, sen prexuízo da crítica científica que estimes oportuna.

Ligazón ao apartado da Comisión de Ética e Deontoloxía da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/comision-de-etica-e-deontoloxia>

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE



ANUNCIO

Alégase despacho profesional de psicología nun centro de fisioterapia, a tempo completo, 7 m², na Ronda de Outeiro 174-1º D. A Coruña. Tfno.: 629844478. Email: crisgafisio@hotmail.com

Xuntanza coas autoridades de Tráfico de Galicia no COPG

O COPG puxo en marcha en 2016 unha dinámica de traballo conxunto coas Xefaturas de Tráfico da nosa Comunidade e máis coa Garda Civil, co fin de traballar en favor da seguridade viaria relacionada coas persoas maiores nas estradas galegas.

O pasado 26 de outubro tivo lugar na sede do COPG unha segunda xuntanza para seguir abordando temáticas de interese común. Nesta ocasión asistiron tamén o Fiscal Delegado para a Seguridade Viaria en Galicia e a Subdirectora Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación e Servizos Sanitarios.

Sesión formativa «I Curso teórico-práctico: a Psicología nos Centros de Recoñecemento»

O Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio Oficial de Psicología de Galicia, organiza o «I Curso teórico-práctico: a psicología nos Centros de Recoñecemento», que se celebrará o sábado 18 de novembro, no COPG. A sesión formativa será impartida por M^º Jesús Sánchez Peteiro, psicóloga e Máster en Psicología de Tráfico e Seguridade, directora de centro de recoñecemento con máis de vinte anos de experiencia en avaliación e intervención, así como formadora en diversos ámbitos relacionados coa seguridade viaria.

Semana Europea da Seguridade Viaria

No mes de setembro tivo lugar a Semana Europea da Mobilidade co lema «Compartir lévate máis lonxe». Con este motivo elaborouse unha nota de prensa solidarizándonos co lema e asistíuse a varias das actividades que se realizaron no Concello de Santiago entre os días 20 de setembro e 1 de outubro.

Información da División

Posponse a creación da División de Tráfico e da Seguridade a nivel estatal, o regulamento definitivo de Réxime Interno da División está pendente de aprobación na vindeira Junta de Goberno do Consejo e posteriormente será presentada para a súa aprobación na Junta General do Consejo General de la Psicología. Finalmente esperamos que se poida botar a andar a súa creación a primeiros de 2018.

Colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Dentro do convenio de colaboración que vimos mantendo coa facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, contamos coa alumna Janira Lourido Estévez, que como parte do seu Traballo de Fin de Grao (TFG) realizou a avaliación a longo prazo dos programas desenvoltoos ata 2017, e así mesmo, asistiu como observadora no último grupo das Xornadas de Concienciación de Santiago de Compostela.



Membros do grupo xunto a Janira Lourido Estévez (alumna USC)

I Grupo de traballo da Dirección General de Tráfico en Madrid

O día 17 de outubro, a coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Eva Muíño Gómez, asistiu designada polo Consejo General de la Psicología, á reunión do I Grupo de «Reincidentes y enfermedades limitativas de la conducción. Alcohol y drogas» que con motivo das próximas modificacións da nova lei de Tráfico se están realizando a nivel estatal.

Colaboración en campaña de seguridade Viaria

O Grupo de Tráfico e da Seguridade colaborou no Programa da Televisión de Galicia (TVG) sobre seguridade viaria «Luz Verde», que se emitiu semanalmente. A produción está composta por quince capítulos. Dito material será empregado cun fin formativo nas simulacións de accidentes e situacións viarias. Os membros do grupo que desexen visualizar o material poderán solicitalo. Premendo no seguinte enlace podes ver os capítulos dispoñibles: <https://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>

*Ligazón ao apartado do Grupo de Traballo e Seguridade da páxina web do COPG:
<https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/trafico-e-seguridade>*

COMISIÓN PSICOLOXÍA DO DEPORTE

Desde a Comisión de Psicoloxía do Deporte informamos das seguintes actividades formativas que terán lugar a nivel internacional:

Segunda Conferencia científica de habilidade do Motor

O principal obxectivo deste segundo encontro é compartir e desenvolver metodoloxías para potenciar o rendemento deportivo e a aprendizaxe, sobre todo desde a multidiscipliniedade e a internacionalidade. Un marco de oportunidades para o intercambio con expertos e líderes nas áreas de habilidade motora e a actividade física, pedagóxica do deporte moderno, Psicoloxía, Neurociencia condutual e Ciencia do Entrenamento. A conferencia terá lugar dos días 15 ao 17 de novembro en Finlandia.

Podes ampliar a información no seguinte enderezo electrónico:

<https://www.kisakallio.fi/en/events-2/events/second-scientific-conference-on-motor-skill-acquisition-15-17112017>

Conferencia de Ciencia de Deporte Nórdica «The Double-Edged Sword of Sport: Health Promotion versus Unhealthy Environments».

Unhas xornadas que se desenvolverán os vindeiros 22 e 23 de novembro de 2017. Está destinada para todas aquelas persoas interesadas na investigación e Ciencias do Deporte e o seu desenvolvemento nos ámbitos da educación, Psicoloxía, saúde, deporte, sociedade e actividade física adaptada.

A temática das Xornadas é «O dobre fío da espada do deporte: promoción da saúde vs. Contextos saudables».

No seguinte enlace podes ver o programa da actividade:

<http://www.hh.se/download/18.3f6b47b915e1993f877b239b/1504163939689/Uppdaterat+program+Nordisk+konferens+170829.pdf>

*Ligazón ao apartado da
Comisión de Psicoloxía do
Deporte da páxina web do
COPG:*

*[https://copgalicia.gal/
grupos-comisions/psico-
loxia-do-deporte](https://copgalicia.gal/grupos-comisions/psicologia-do-deporte)*

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

IX XORNADAS ESTATAIS DE PSICOLOXÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Os días 24 e 25 de novembro celebraranse no Auditorio de ABANCA en Santiago de Compostela as IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero, organizadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología, que este ano levarán como título «Abrindo o foco: A violencia de xénero un problema con rostros».

Ditas xornadas teñen como obxectivo fundamental trasladar aos profesionais e a comunidade as achegas e accións que desde a psicoloxía se veñen aplicando á erradicación e superación da violencia de xénero.

Ao longo das xornadas terán lugar diferentes mesas que abordarán as consecuencias máis graves que afectan á saúde mental da vítimas.

Podes ver toda a información, así como o avance do programa científico, na web <https://xornadasviolenciaxenero.copgalicia.gal/presentacion>





Lembrámosche que o Consejo General de la Psicología de España ten en marcha un Programa de Formación Continuada a Distancia **FOCAD** en Psicología coa finalidade de promover a actualización científico – profesional dos profesionais da psicología colexiados nos diferentes campos da intervención psicolóxica (Psicología Clínica e da Saúde, Psicología Educativa, Psicología do Traballo e as Organizacións e os Recursos Humanos, Psicología da Intervención Social, entre outros).

Para máis información <http://www.cop.es/index.php?page=focad>

“SERVIZOS AOS PROFESIONAIS DA PSICOLOXÍA COLEXIADOS E COLEXIADAS”

Publicacións informativas, servizo de préstamo de material e fondo documental.

- Circular Informativa.
- Cadernos de Psicología.
- Material de avaliación psicolóxica.
- Servizo de biblioteca na sede do COPG e da Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Información sobre seguros e ofertas para os profesionais da psicología colexiados e colexiadas.

- Seguro de responsabilidade civil coa correduría Broker's 88 a través de Markel, para a contratación do seguro máis económico.
- Seguro de vida e accidentes de saúde con MAFPRE.
- Seguro de asistencia sanitaria con ASISA E SANITAS.
- 10% de desconto nos aloxamentos de: TusCasasRurais.com, Hotelius Club e Oca Hotels.

Oferta formativa, emprego e servizos profesionais.

- Programa formativo anual con axuda ás persoas desempregadas.
- Información laboral, distribución de ofertas formativas e información de convocatoria de oposicións.

“Para ver o regulamento de funcionamento do/a valedor/a acceder ao seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_valedor_colexiados-as.pdf”

VALEDOR DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

QUEN É?

É unha figura creada en 2008 como órgano independente para encargarse da defensa e protección dos dereitos, intereses e liberdades de todos os membros do COPG.

É nomeado pola Asemblea Xeral de Colexiados/as por maioría de 2/3 por 5 anos a proposta da Xunta de Goberno. Pode ser calquera colexiado/a cunha antigüidade mínima de 5 anos de colexiación.

COMO SE SOLICITA A SÚA INTERVENCIÓN?

A intervención débese solicitar por escrito asinado e identificando nome e número de colexiación, así como enderezo para notificacións e especificar os feitos que motivan a queixa.

Calquera colexiado/a pode solicitar a intervención do/a Valedor/a se considera lesionados os seus dereitos en canto profesional da Psicoloxía, tanto polo Colexio como por calquera organismo ou entidade pública ou privada.

COMO ACTÚA?

Unha vez admitida a queixa, dáse conta ás persoas interesadas e ábrese un procedemento no que constan vistas orais e/ou escritas, posibilidade de mediación, se é o caso, e unha resolución do mesmo nun prazo máximo de 3 meses.

As súas recomendacións non son vinculantes, pero si poden suxerir a modificación de criterios na elaboración de acordos ou de resolucións dos órganos de goberno do COPG.

No caso de non admitir a queixa, comunicárase dunha forma razonada, informando, se é posible, das mellores vías para dar a valer os seus dereitos.

TEÑEN LIMITACIÓNS AS SÚAS ACTUACIÓNS?

Si, cando:

- ❑ O asunto sometido á súa consideración estea pendente dalgún procedemento xudicial ou xa teña sido xulgado.
- ❑ Transcorra máis dun ano desde que se produciu o suceso.
- ❑ Se a queixa é anónima ou se aprecia mala fe nela.
- ❑ Se é ou foi obxecto da intervención da Comisión Deontolóxica.

"Para ver o regulamento de funcionamento do/a valedor/a acceder ao seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/regulamento_valedor_colexiados-as.pdf

CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Comisión de Ética e Deontoloxía

Últimos Colexiados/as






Cursos, Xornadas e Congresos

Servizos aos colexiados

Medios de comunicación

Relacións Institucionais

Avisos e anuncios





Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio

De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Redes sociais

f Facebook:
www.facebook.com/copgalicia

t Twitter: @copgalicia

in LinkedIn: www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionales
de Psicólogos

2017
POLA
INFANCIA